

# Plambe

## 2019/20

---

**ANEXO VIII: LIÑAS PRIORITARIAS**

---



---

IES FERNANDO WIRTZ. Rúa Cabaleiros núm 1, 15.006 A Coruña  
[biblioteca@fernandowirtz.com](mailto:biblioteca@fernandowirtz.com)    [bibliotecawirtz@blogspot.com](mailto:bibliotecawirtz@blogspot.com)

*“ A Sección Prohibida estaba xusto ó fondo da biblioteca. Pasando amodo sobre a corda que separaba aqueles libros dos demáis, Harry levantou a lámpada para ler nos títulos. Non lle dicían moito. As letras douradas compoñían palabras en linguaxes que Harry descoñecía. Algúns non tiñan título. Un libro tiña unha mancha negra que semellaba sangue. A Harry puxéronnelle os pelos de espeto. Se cadra o estaba a imaxinar, se cadra non, pero pareceulle que un rumor saía dos libros, como se soubesen que había alguén que non debía estar alí.”*

*(Harry Potter e a pedra filosofal. J.K Rowling)*

### **O mundo da fantasía como experiencia para ler e vivir**

Partindo de que o noso obxectivo fundamental son a lectura e os lectores, propoñemos para o próximo curso unha experiencia divertida e innovadora valéndonos da literatura fantástica.

J. K Rowlin e o universo máxico dos seus libros da saga de Harry Potter, que conseguiron atrapar desde o principio a milleiros de rapaces e adultos, serán os “*manuais de bruxería*” e aí aprenderemos as “*apócemas de encantamentos*” que usaremos principalmente na nosa biblioteca de Hogwarts particular, “*Wirtzffindor*”, para motivar e incentivar ó pracer da lectura e fomentar e facilitar a aprendizaxe e comprensión de textos de todo tipo e dun xeito transversal.

O mundo meigo de Harry Potter, os personaxes de Hogwarts proporcionarannos vivencias, sentimentos, emocións, misterio que nos permitirán achegarnos dun xeito lúdico e máxico a outros lugares, novos ou mesmo “prohibidos”, dos que se extraerá unha aprendizaxe nos diferentes contextos do eido académico . Este mecanismo do fantástico, presente en Harry Potter (e no resto da literatura fantástica) ademais de ser tamén unha fonte de recursos de gran utilidade para desenvolver actividades no noso espazo “maker” que vimos de crear, permitiranos potenciar a imaxinación e a creatividade individual e explorar e cuestionar a realidade, conseguindo a través desta feiticeira aventura incrementar as capacidades e en definitiva conseguir ser máis competentes e imaxinativos nos retos ós que nos teremos que enfrontar na xa próxima sociedade futura.

## LIÑAS PRIORITARIAS

- 1- En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxes” .
- 2- En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.
- 3- En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual competencia dixital).
- 4- En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).
- 5- En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.
- 6- Outras actuacións.
- 7- Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se utilizarán.
- 8- Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

## 1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN: A BIBLIOTECA COMO “LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXE”

### En relación cos fondos bibliográficos:

- Incrementaremos a nosa dotación para o ESPAZO MAKER. Neste curso fixemos un grande esforzo para facer do segundo andar un espazo polivalente e versátil, e o noso proxecto para o vindeiro ano é dotado de equipamento e fondos adecuados.
- Continuaremos coa renovación dos fondos con adquisicións que se consideren de interese, tendo en conta as peticións do profesorado, do alumnado e do propio equipo da biblioteca. Seguiremos dando prioridade á compra de fondos informativos, e materiais que atendan a diversidade.
- As peticións de fondos e materiais a partir do vindeiro curso faranse a través dun formulario creado na web do centro, para poder xestionar de maneira máis rápida e eficaz os pedidos, e mellorar a comunicación da recepción e dispoñibilidade dos mesmos.
- Crearemos unha sección específica de Feminismo e Igualdade, cos fondos existentes e os que proxectamos adquirir no futuro.

### En relación cos recursos TIC: laboratorio creativo de aprendizaxes

- Proxectaremos talleres creativos a desenvolver na Bibliomaker. É preciso programar actividades para este espazo, onde o alumnado poida aprender ao tempo que crea. Recolleranse propostas dos distintos departamentos tratando de facilitar os materiais e medios que se precisen para levar a cabo as distintas actividades. (Obradoiros literarios, Scrapbooking, construcións co Lego, encadernación, fotografía...)
- O espazo maker contará cunha zona “YouMedia” para a realización de actividades relacionadas coa produción de contidos dixitais (música, videoxogos, edición...). Pediremos a implicación do alumnado e profesorado dos ciclos de informática para poñer en marcha este punto do proxecto.

### En relación co espazo físico dispoñíbel:

- O eixo temático do noso Proxecto será o mundo máxico de HARRY POTTER. O noso obxectivo é ambientar e decorar o espazo da biblioteca e planificar as actividades do curso que vén ao redor das personaxes e tramas desta serie.
- Ampliaremos o mobiliario para os materiais audiovisuais. A nosa colección incrementouse e o espazo é insuficiente. Buscaremos tamén un mellor sistema para o almacenamento dos Dvds.
- Trasladaremos para o edificio anexo algúns dos fondos de consulta (na súa maioría enciclopedias) que foron eliminados do segundo andar para ampliar o espazo dispoñíbel. De esa maneira crearemos unha nova Sección da Biblioteca e faremos máis accesibles algún dos recursos menos usados.
- Tentaremos seguir mellorando o noso espazo e incorporando novas seccións de interese (feminismo, STEAM, CLIL...) segundo as necesidades e propostas do novo curso
- O espazo físico dispoñíbel non é demasiado grande, polo que a nosa prioridade sempre é flexibilizar o seu uso.

## Organización dos horarios e xestión do uso da biblioteca

- A biblioteca permanecerá aberta durante todo o período lectivo: de 8:30 a 14:00 e de 16:20 a 22:40.
- Continuaremos coa elaboración de plans mensuais de dispoñibilidade de uso do noso espazo para o acceso dos grupos en horas de clase.
- Intentaremos conseguir unha hora en común dentro do noso horario lectivo para poder organizar as diferentes tarefas que nos ocupan (memorias, guías, boletíns, carnés...)
- Faremos formación do persoal que participa na xestión da biblioteca (alumnado que se incorpore no programa de voluntariado e profesorado colaborador).

## 2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE

- Publicitaremos, como todos os cursos, os nosos recursos e actividades entre os nosos potenciais usuarios: presentación ao inicio do curso (nas aulas, na CCP, nas reunións de pais e nais, no Consello Escolar), visitas en grupo á biblioteca, elaboración de guías de usuarios, e difusión de actividades e servizos nos paneis informativos do centro, con carteis, no blog, na páxina web e nas redes sociais.
- Potenciaremos a dispoñibilidade dos materiais e recursos cos que contamos, ben en liña, en seccións de aula, ou na propia biblioteca, para favorecer a busca de información.
- Apoiaremos ós departamentos na elaboración de materiais que ensinen aos alumnos estratexias para ler textos multimodais de maneira eficiente e crítica.
- Promocionaremos entre os nosos lectores a incorporación á plataforma de préstamo en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas GaliciaLe.
- Elaboraremos actividades para a iniciación na linguaxe de programación, coa intención de promover habilidades como a lingüística, lóxico matemática e espacial.(Scratch, Tynker, App inventor...).

## 3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

### Formación de usuarios

- Levaremos a cabo actividades de Formación no uso e coñecemento da Biblioteca, co fin de que o alumnado saiba dos fondos dos que dispoñemos, o modo de uso dos mesmos, e os mecanismos de funcionamento e organización. Traballaremos especialmente as estratexias de busca tanto no entorno físico como virtual (Opac Meiga).
- Faremos sesións de acollida durante o primeiro mes para o alumnado novo no centro e repasaremos as normas de funcionamento co resto dos membros da comunidade escolar.
- Coordinaremos sesións de formación coa Biblioteca Pública de referencia FORUM METROPOLITANO, como vimos facendo nos últimos anos.
- Entregaremos os carnés de usuario para o novo curso e promocionaremos a posibilidade da creación do carné de socio da biblioteca municipal, como ferramenta de acceso a espazos culturais, máis aló do propio centro, e a lectura dixital (GaliciaLe)
- Elaboraremos e daremos difusión a Guía de usuarios, en papel e a través do blog da biblioteca e da web do centro

## Adquisición da competencia informacional e dixital

- Sistematizaremos pautas, xunto co equipo docente, do proceso vinculado ao uso da información (busca e recuperación da información, análise e tratamento da información, comunicación do coñecemento)
- Levaremos a cabo a planificación e deseño de actividades concretas para que os usuarias e usuarios adquiren habilidades e estratexias para aprender a investigar e informarse
- Tentaremos promover a nova corrente "EDUPUNK" ou "Faino ti mesmo" co obxectivo de que o alumnado sexa quen de chegar a construír as súas propias ferramentas de aprendizaxe e os seus propios espazos.
- Apoiaremos no acceso aos recursos informativos e ao uso da tecnoloxía dixital (fontes de información, dinámicas da xestión de contidos)
- Promoveremos a capacidade de traballo de forma colaborativa
- Apoiaremos as iniciativas vinculada á elaboración de proxectos documentais e de investigación

## 4. EN RELACIÓN AO FOMENTO DA LECTURA E AO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

- Levaremos a cabo o coordinación do PAL do vindeiro curso, integrando as achegas dos distintos departamentos e os seus itinerarios lectores. O PAL será difundido todos/as os/as membros da comunidade educativa, e como sempre estará aberto as novas propostas que vaian xurdindo ao longo do curso.
- Propoñeremos a revisión e actualización do Proxecto Lector
- Manteremos os clubs de lectura para os distintos niveis, e intentaremos neste curso incluír ao alumnado dos ciclos formativos
- Continuaremos levando a cabo os nosos "ENCONTROS CON AUTORES".
- Fomentaremos o uso do andar superior como un espazo de lectura informal e libre.
- Elaboraremos guías de lecturas e recomendacións lectoras temáticas e por nivel, en colaboración co alumnado
- Convocaremos distintos concursos literarios ou relacionados coa creación literaria e artística.
- Apoiaremos as familias no seu papel de mediadores da lectura, desenvolvendo algún programa específico para elas (clubs, encontros con autores, espazo lector...)
- Recompilaremos, presentaremos e difundiremos aqueles escritos ou traballos producidos no propio centro educativo

## 5. EN RELACIÓN COS AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

- Adquiriremos materiais e recursos adecuados ás necesidades detectadas (de lectura fácil, adaptados a necesidades educativas especiais, lecturas pola diversidade e interculturalidade..)
- Faremos chegar os nosos recursos a todos os membros da comunidade educativa, en especial aos colectivos máis desfavorecidos e con máis dificultades no acceso á formatos de lectura diversos.
- Seguiremos coa atención ós alumnos que reciben reforzo na biblioteca
- Incidiremos na promoción da " Biblioteca de Pais/Nais", ofrecendo materiais que poidan ser do seu interese.
- Manteremos un servizo de préstamo nas vacacións para dar acceso aos materiais durante os períodos non lectivos a aqueles membros da comunidade educativa que o desexen.
- Seguiremos participando no programa de Voluntariado na Biblioteca Escolar. Trataremos de consolidar un equipo de colaboradorxs de diferentes niveis académicos

## 6. OUTRAS ACTUACIÓNS

- Manteremos liñas de colaboración coas bibliotecas públicas da contorna, especialmente coa do FORUM METROPOLITANO coa que mantemos contacto e colaboracións periódicas.
- Colaboraremos cos proxectos interdisciplinares ou outras actividades de interese que xurdan no vindeiro curso académico
- Continuaremos a colaboración co ENDL.
- Traballaremos para a creación dunha comisión da biblioteca dentro do Consello escolar (na actualidade dous membros do equipo son parte do Consello)
- Manteremos o CAIXÓN DE SUXESTIÓNS e promoverémolo entre toda a comunidade educativa. O equipo sempre procura atender todas as propostas.
- Convocaremos un Torneo de Xadrez no que poderá participar toda a comunidade escolar.

## 7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN, INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE UTILIZARÁN

- **Criterios de avaliación:** A avaliación deberá valorar a idoneidade e grao de cumprimento do plan de traballo programado e dos obxectivos marcados no noso proxecto
- **Procedementos de avaliación:** o equipo da biblioteca realizará unha avaliación baseada na recollida e análise de datos estatísticos, e na posta en común da valoración do logro dos obxectivos propostos.
- **Indicadores para a avaliación:** presenza da biblioteca escolar no centro, uso da biblioteca escolar pola comunidade educativa; espazo e equipamento;dispoñibilidade e visibilidade; xestión técnica; servizo de préstamo; desenvolvemento da competencia lectora e escritora, e da competencia dixital e ALFIN.
- **Instrumentos que teremos en conta para avaliar:**
  - Datos obxectivos do uso obtidos polo Meiga
  - Datos cualitativos proporcionados polos usuarios (enquisas a alumnado e profesorado, recollida de opinións, grupos de discusión)

## 8. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO

- **Persoa responsable:** Marta Iglesias (departamento de FOL e membro do Consello Escolar)
- **Equipo da Biblioteca:** Cristina Asensio (departamento de lingua galega), Carlos Carballo (departamento de Economía), Loli Carril (departamento de lingua castelá), , Gabino López (Vicedirector- departamento de informática).-
- **Profesores colaboradores:** Clementina Coello (Departamento informática), Isabel García Estevez (Física e Química), Adela Otero (Departamento de Bioloxía e membro do consello escolar), Olga Martínez (Administrativo), María Fariña (Departamento de Francés), Juan Mayor (departamento de Bioloxía-Xeoloxía)
  - ✓ Intentaremos manter os horarios do equipo da biblioteca como en cursos anteriores. ( entre 2/5 horas os membros do equipo, e 5/6 o responsable). Esforzaremos por ampliar o equipo do profesorado colaborador. A Biblioteca sempre estará aberta para acoller ao profesorado disposto a participar en actividades que dinamicen este espazo.